



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ENTIDADE "Asociación Deportiva Balonmano Carballiño" PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019.**

**REUNIDOS**

Dunha parte **D. Francisco José Fumega Piñeiro**, Alcalde- Presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, D./D<sup>a</sup> **Beatriz Rúa Puga** con DNI **44.469.256-K** en representación da club "**Asociación Deportiva Balonmano Carballiño**" con CIF **G-32375230** con domicilio na rúa República Argentina nº 6 – 2º A, 32500 O Carballiño (Ourense) actuando en nome e representación da mesma.

**MANIFESTAN**

I. Que o club deportivo "**Asociación Balonmano Carballiño**" está adicada á promoción, fomento, ensino e á competición deportiva dentro do deporte do Balonmán sendo a comarca do Carballiño onde desenvolve a súa actividade que a parte do carácter competitivo desenvolve a tarefa da promoción do deporte do Balonmán e que a súa vez, directamente, desenvolve unha labor educativa:

Esta asociación deportiva ten en funcionamento dende ano 2007 unha escola deportiva con máis de 90 nenos e nenas da comarca do Carballiño nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín que participan na liga provincial de balonmán así como participa a nivel autonómico en categoría de Infantil.

II. Que o Concello considera que o labor que realiza este club é primordial para o desenvolvemento desta disciplina deportiva ademais de ser unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, facendo unha importante labor educativa e do fomento do deporte entre os nenos e nenas da comarca do Carballiño.

III. É de interese público, xa que cumpre sobradamente a función social primordial que se pretende con este tipo de actividades, que non é outra de dirixir os nenos hacia hábitos saudables a través da práctica deportiva, que indirectamente ten tamén unha compoñente educativa.

IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do deporte.

V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os propios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociativo, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2019** consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
<b>341.12.480.03</b>	<b>Asociación D. Balonmán Carballiño</b>	<b>2.000 €</b>

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de **FORMA DIRECTA** as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIÓNS.





VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

### CLÁUSULAS

#### 1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva do club que consiste na realización de actividades de fomento do deporte e a práctica deportiva con carácter formativo e competitivo dentro do deporte do balonmán. **"Gastos de actividades de fomento do deporte para a participación en competicións oficiais e desenvolvemento de actividades deportivas durante a tempada 2018/2019"**:

- *Gastos derivados da propia competición (transporte, fichas federativas ou licencias federativas).*
- *Outros gastos correntes habituais relacionados co desenvolvemento da actividade (asistencia a cursos de formación, gastos de imprenta, publicidade, etc.)*
- *Gastos de responsabilidade civil (seguro das probas ou outro tipo de seguros)*
- *Gastos correntes (manutención e aloxamentos dos membros de organización, seguridade e membros federativos, etc...)*
- *Outros gastos relacionados coa proba ( trofeos, premios, etc...)*

#### 2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a **2.000 €**, (dous mil euros) que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 "Transferencias correntes" do "subprograma 341.11, Promoción e fomento do deporte, ", polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total (100%) da subvención outorgada impútase o *exercicio económico 2019*.

#### 3. PERÍODO SUBVENCIONABLE

Este acordo contempla a execución de actividades deportivas durante a tempada 2018-2019. *Dita tempada comprende o período que vai dende o 01.08.2018 ata o 01.07.2019.*

#### 4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### 5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.



- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente. Se a contía da axuda é inferior a 3.000 € poderase acreditar coa presentación dunha declaración responsable. O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.
- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Deportes do Concello do Carballiño.
- I. Se sé realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño, quedando exentos en caso de que a actividade se realizase con data anterior a sinatura do convenio. A non xustificación da publicidade suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

## 6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Á vista do proxecto presentado polo beneficiario, e dado que o Concello non vai subvencionar os premios en metálico, o importe do gasto subvencionable ascende a **4.457,26 €**. Dado que a subvención outorgada elévase a, como máximo, **2.000 €**, esta representa un **44,87 %** dos gastos do proxecto presentado. Se os gastos subvencionados xustificados correctamente son inferiores aos do proxecto presentado minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.

O tipo de gasto subvencionable: gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva, formativa e competitiva relacionada co obxecto detallado na cláusula 1ª, mais concretamente:

Gastos derivados da propia competición (transporte, fichas federativas ou licencias federativas).

Outros gastos correntes habituais relacionados co desenvolvemento da actividade (asistencia a cursos de formación, gastos de imprenta, publicidade, etc.)

Gastos de responsabilidade civil (seguro das probas ou outro tipo de seguros)



Gastos correntes (manutención e aloxamentos dos membros de organización, seguridade e membros federativos, etc...)

Outros gastos relacionados coa proba ( trofeos, premios (non en metálico), etc...

**Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado nesta tempada 2018-2019 ata a finalización do período de xustificación determinado no presente convenio. O fin do período de xustificación desta subvención remata o 01-11-2019.**

## 7. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite a xustificación da subvención outorgada
- b) Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:
  - Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo.
  - Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
  - Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TC's, cartas de pago, etc.).
  - Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
  - Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
  - De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño.
  - Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. Se a contía da axuda é inferior a 3.000 € poderase acreditar coa presentación dunha declaración responsable. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.
- c) Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida, en cada tempada. A subvención representa o 44,87 % do total do proxecto presentado e subvencionado. A subvención non financia ningún tipo de gasto de inversión consistente na compra ou adquisición de vehículos, mobiliario e calquera tipo de inmovilizado.

## 8. FORMA DE PAGO.

O abono do total da subvención (2.000 €) farase efectivo unha vez asinado o convenio por ambas partes, despois da presentación da correspondente conta xustificativa e a correspondente xustificación desta subvención, segundo o establecido na cláusula 7, e unha vez aprobada esta polo órgano competente do Concello do Carballiño.

Non se procederá ao abono da subvención con anterioridade a publicación do presente convenio na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



**CONCELLO  
DO CARBALLIÑO**  
(Ourense)

Area de Deportes

## 9. DIFUSIÓN.

As partes comprométense a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación que se xenere como consecuencia do desenvolvemento da mesma, respectando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidades.

## 10. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2019.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O ALCALDE

A PRESIDENTA DA ASOC. BALONMÁN CARBALLIÑO

